



A DELEGACIÓN DE SANTIAGO DO COLEXIO DE ARQUITECTOS
DE GALICIA FAI A SEGUINTE CONVOCATORIA:

IDEAS PARA MELLORAR A CIDADE DE COMPOSTELA COA CHEGADA DO AVE

ANTECEDENTES

A chegada da liña de alta velocidade que conectará Galicia con Madrid propiciará a construción dunha nova estación intermodal na cidade de Santiago de Compostela, no espazo no que actualmente se desenvolven as actividades ferroviarias. Aproveitando este feito ábrese este concurso de ideas coa vontade de crear un espazo de debate sobre a necesidade, ubicación, carácter e construción física deste equipamento urbano. Non existen ideas previas sobre ningún dos apartados e serán os concursantes os que terán que propór unha solución sobre cada un dos apartados.

Son catro as entidades que participarán na construción e desenvolvemento deste proxecto: Ministerio de Fomento, Xunta de Galicia, Concello de Santiago de Compostela e Renfe-Adif. Nestes momentos xa está redactado o convenio de colaboración entre as catro.

Dada a importancia desta intervención a Delegación de Santiago de Compostela do Colexio de Arquitectos de Galicia quere abrir o debate cidadán, e con tal obxecto propón esta convocatoria de ideas.

OBXECTIVOS

O obxectivo xeral é abrir o debate sobre como vai afectar a implantación da nova estación do AVE na cidade, intentando recuperar a participación cidadá nos procesos de construción da cidade e do territorio. Neste sentido, esta é unha convocatoria de Ideas aberta a todos os cidadáns aos que lles interese o tema da intervención na cidade ou das propostas que xorden dos cambios que se van producir en Compostela.

Trátase dunha convocatoria libre na presentación de propostas encamiñadas a:

Mellorar a conexión das distintas partes da cidade

Mellorar os espazos urbanos configurados coa intervención

Mellorar a mobilidade nesta área

Eliminar a tradicional barreira que supoñen as liñas férreas

Integrar os novos usos propostos na cidade

FORMATO

Trátase dunha convocatoria aberta a todos os cidadáns e a todas as disciplinas, polo que o formato, contido e soporte é totalmente libre: **relato, ensaio, fotografía, collage, proxecto arquitectónico, vídeo, acción urbana, instalación, cómic, documental**, etcétera, e o único requisito de formato é que permita a valoración da proposta por parte do Xurado.

DOCUMENTACIÓN e CONSULTAS

A documentación completa do concurso atópase na páxina web da Delegación de Santiago:

www.arquitectosdesantiago.org ou <http://www.coag.es/websantiago/index.htm>

Dispónse dun Plano elaborado pola Aula de Renovación Urbana e do Convenio de colaboración modelo entre os catro organismos.

En caso de ter dificultades para descargar a documentación da web, poderá solicitarse nas oficinas da Delegación de Santiago do Colexio de Arquitectos de Galicia, situado na Praza da Quintana, 1, 1º na Casa de Conga, 1º andar, 15704 Santiago de Compostela, en horarios de 9 a 14 horas.; onde se poden atopar as informacións precisas para o desenvolvemento da proposta.

DATAS e ADMISIÓN de IDEAS

O prazo de presentación comeza ao día seguinte da publicación desta Convocatoria e remata o día 28 de abril as 14 horas na Delegación de Santiago do Colexio de Arquitectos de Galicia, situado na Praza da Quintana, 1, 1º na Casa de Conga 1º andar, 15704 Santiago de Compostela

ANONIMATO

Os traballos presentaranse baixo lema, que deberá figurar en todos os documentos, de tal forma que estes sexan examinados polo Xurado baixo anonimato. Achegarse aos documentos un sobre pechado co lema no seu exterior, o cal conterá un escrito cos datos dos concursantes.

No exterior do sobre indícarase tamén, de forma clara, se, no caso de non resultar premiado, o concursante prefire permanecer no anonimato tanto na exposición pública dos traballos presentados como na súa publicación.

XURADO

Estará formado por 3 persoas da sociedade galega, que decidirá a Xunta Directiva da Delegación de Santiago do Colexio de Arquitectos de Galicia.

O xurado escollerá as propostas mais destacados, e redactarase a Acta do mesmo que se reservará a posibilidade de mellorar ou modificar a presentación dos traballos a expór, que poderán recibir unha compensación económica para gastos de reimpresión ou maquetación, e un lote de libros do COAG.

PUBLICIDADE das PROPOSTAS

Cando se dispoña da lista definitiva dos traballos destacados procederase a dar publicidade dos mesmos nos medios de comunicación, ademais da presentación da exposición.

CRITERIOS de VALORACIÓN

O Xurado analizará que as propostas dean solucións aos problemas suliñados na proposta das administracións, e valorará, ademais dos obxectivos da Convocatoria, os seguinte aspectos:

- Pertinencia da idea coa situación actual da cidade e a proposta de incorporar a nova estación do AVE
- Orixinalidade na maneira de dar solucións aos problemas expostos
- Capacidade da proposta para xerar posibles actuacións concretas
- Amplitude de lectura da incidencia na cidade e no territorio da nova implantación da nova estación

EXPOSICIÓN e MESAS de DEBATE

Como resultado da Convocatoria, formaranse unha ou varias mesas de debate para que as propostas máis destacadas sexan explicadas, e unha vez resolto o Concurso, todos os traballos presentados e admitidos poderán ser expostos ao público, e retidos a tal fin ata o final da exposición. A devandita exposición será anunciada a todos os participantes, foran ou non seleccionada as súas propostas.

Tamén poderán ser obxecto dunha publicación na que se farán constar os nomes dos autores, agás os dos que expresasen o seu desexo de permanecer no anonimato no caso de que non fosen premiados.

Pensando nestas posibilidades, opcionalmente (en función da diversidade do formato utilizado), pódese entregar ata un máximo de 3 A4, incluíndo un resumo das ideas da proposta.. Estes poden vir en formato dixital debidamente maquetado para unha futura exposición se resultase premiado, e correrá a cargo deste a súa preparación.

DEREITOS e DEVOLUCIÓN dos TRABALLOS

Os autores conservarán a propiedade intelectual dos traballos presentados, non podendo ningún deles, nin sequera os premiados, ser empregados para outros fins, nin como material para a redacción doutros proxectos por arquitectos diferentes dos respectivos autores.

Transcorrido ese prazo ou a exposición pública que no seu momento se acorde, os concursantes terán dereito a retirar os traballos admitidos durante o prazo dun mes, a partir do cal o Colexio poderá proceder á súa destrución.